



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS .

ASISTENTES:

Presidente:

D. Roberto García Pernas.

Concelleiros asistentes:

D.Luis Otero Paz

D. José Prieto Barro.

D. Luis A. Vilasuso Seco

D.Carlos Alberto Guerra González.

Dª Tamara Paz Balsa..

D.Antonio Riveira Requeijo

D.Mario Felix García Prieto

Dna. Isabel Campello Ares.

Dna. María do Mar Hermida Pico

D. Óscar González Pardo

No salón de sesións da Casa do Concello de Xermade, sendo as vinte horas do día 7 de decembro de dous mil dezaseis, xúntanse, en cumprimento do disposto nos artigos 195 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral e art. 37.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por RD 2568/86 de 28 de novembro, en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros/as electos/as relacionados/as na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora do Concello Dona Paula Campos Rodriguez.

Secretaria- Interventora:

Paula Campos Rodriguez.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Sr.Alcalde preguntalles aos señores concelleiros se desexan realizar algunha observación sobre o borrador da acta da sesión anterior de carácter ordinario, de data de 13.12.2016 .

Toma a palabra a Señora concelleira Dona Maria do Mar Hermida Pico, portavoz do BNG para facer as seguintes observacións: en primeiro lugar comenta que lle chama a atención a cantidade de erros ortográficos da acta , que hai correctores en internet. Por outra banda, na acta dise que asistiron á festa dos maiores 361 e considerando que sería un erro de transcripción porque o Alcalde dixo en Pleno que asistiron 387 , que se corrixa.Continua comentando que sobre o informe que se pediu sobre o decreto que asinou o tenente alcalde porque O Alcalde tiña interese na materia aprobada, que o Alcalde tiña que absterse do debate e ausentarse durante a votación , según o art 21 do Real Decreto 168/1996 decreto (lee o artigo) , continua lendo o artigo 28 da Lei 30/1992 coas causas de abstención que menciona a Lei.Como na acta se dispoñía que se iba a proceder a emitir informe da secretaria municipal se procedía e non se fixo, que conste que tiñan razón, continúa a concelleira, e que o alcalde tiña que terse ausentado do debate daquel asunto.Por outro lado, na acta pon que o alcalde chamou a atención



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

a esta concelleira pero foi a secretaria a que o fixo según ela e se debe proceder a corrección neste punto.

A continuación intervéñ o Portavoz do Grupo Popular Don Antonio Riveira Requeijo para comentar outra cuestión da acta ante a pregunta do BNG sobre as distancias das plantacións non se expresou fielmente o que dixeron, o Alcalde o que fixo foi dicir que se amplían distancias superiores na Ordenanza Municipal esta é válida sempre que se amplíen con respecto á Lei, non o que se dispuxo na acta.

A Continuación o Portavoz do PP o que dixo na sesión plenaria foi que a propia Lei de Montes na Disposición Transitoria 3ª di expresamente que as Ordenanzas que non se axustan á Lei quedan sen efecto, non o que poñía a mesma.

Procédese a continuación á votación das mencionadas actas e as mesmas resultan aprobadas por unanimidade dos concelleiros asistentes sempre que se fagan as correccións mencionadas anteriormente..

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E INFORMES .

1º. De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ós concelleiros das Resolucións da Alcaldía ditadas entre os días catro (7) de outubro ata o sete (1) de decembro de 2016 (nº 330 a 408) . A Corporación dáse por enterada.

3. APROBACIÓN DO SALARIO DO ALCALDE, CON DEDICACIÓN PARCIAL.

Dáse conta da proposta de Alcaldía no seguinte sentido:

“Visto o informe de secretaría intervención emitido en data 1 de decembro de 2016 , do seguinte tenor literal:

.....
INFORME DE SECRETARIA- INTERVENCIÓN

En cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

ANTECEDENTES DE FEITO:

- O pasado 9 de xuño de 2016 en sesión plenaria ordinaria apróbase un acordo mediante enmenda do BNG do seguinte tenor literal:

“3.-RECTIFICACIÓN DO ACORDO DE PLENO DE 9/07/2015 DAS RETRIBUCIÓNS DO ALCALDE.

Dáse conta da seguinte Proposta de Alcaldía :

Visto o informe de secretaría intervención emitido en data 12 de abril de 2016 , do seguinte tenor literal:

INFORME DE INTERVENCIÓN



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

No exercicio das labores de fiscalización de gasto de persoal inherentes ao posto de intervención, e concretamente ao calcular as retribucións do persoal para a remisión dos datos retributivos do persoal ao servizo desta administración pública, empregados público e órganos de goberno, a través da aplicación ISPA, detectouse en relación coas retribucións da alcaldía o seguinte:

- O artigo 7.2 da Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal establece que: os servizos prestados no **segundo posto ou actividade** non se computarán a efectos de trienios nin de dereitos pasivos, podendo suspenderse a cotización a este último efecto. As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar só poderán percibirse por un dos postos, calquera que sexa a súa natureza.

Na sesión plenaria de data 9 de xullo de 2015, o Pleno do Concello, por maioría simple resultante dos votos a favor dos cinco concelleiros do grupo socialista, aprobou a proposta de alcaldía do seguinte tenor literal:

PRIMEIRO.- Recoñecer unha dedicación parcial de 25 horas/semana, en horario de mañá., cun soldo bruto anual de 22.400 euros, a partir do 1 de xaneiro de 2016 (soldo bruto mensual de 1.600 euros), ó Alcalde- Presidente, cunha subida anual, cando estea prevista en orzamentos igual a subida regulamentada anualmente para o persoal nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Durante os meses que quedan para rematar o 2015, o soldo bruto mensual a percibir será de 1.435 euros.

As Concellarías con dedicacións parciais non poderán percibir asistencias por asistencias a sesións de órganos colexiados, pero si indemnizacións (locomoción) polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación. A realización de outras actividades que impliquen ingresos deberá comunicarse á Corporación para a declaración de compatibilidade.

Segundo o artigo 75.2 da Lei de Bases do Réxime Local, os membros das corporacións locais que sexan persoal das Administracións Públicas unicamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial fora da xornada de traballo, nos termos fixados no artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

*O artigo 5.2 da lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal, establece que a Administración na que preste servizos o membro da corporación local en réxime de dedicación parcial e a propia corporación **deberán comunicarse recíprocamente a xornada de traballo e as retribucións percibidas, e as modificacións que se leven a cabo.***

Sendo que o Alcalde é funcionario da Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Axente Facultativo, grupo C. o Pleno acorda a súa compatibilidade ó non incorrer en ningún dos supostos previstos na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, e ó non prexudicar ó horario establecido para esta dedicación.

TERCEIRO.- Establecer a contía a percibir por asistencias, dietas e locomoción nas seguintes cantidades:

- *Asistencias a órganos colexiados (Pleno, Comisión Especial de Contas, Xunta de Goberno Local e Consello Escolar): 60 €, cun tope máximo anual de 12 sesións de pleno, 36 sesións de Xunta de Goberno, 3 sesións de Comisión Especial de Contas e 8 de sesións de Consello Escolar. **A devandita contía será efectiva a partir do 1 de xaneiro de 2016.***
- *Indemnizacións por razón do servizo: as establecidas na Lexislación xeral do Estado, RD 462/2002 de 24 de maio, e nas bases de execución do orzamento referidas a saídas fora do termo municipal.*
- *Locomoción: a establecida na lexislación Xeral do estado, RD 462/2002 de 24 de maio.*



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

- *Tesourería: 100,00 €/mes*

CUARTO.- Dar conta a Intervención para que adopte as medidas oportunas e realice as necesarias modificacións no orzamento.

QUINTO.- Publicar este acordo no BOP a efectos de alegacións, transcorridos os cales, se non se presentasen se entenderá aprobado definitivamente.

A pesar de que a acta non fai referencia explícita a 14 pagas , e non se fala de pagas extra a realidade é que 1.600 por 14 pagas suman os 22.400 euros, entendendo esta secretaría intervención que dous teñen o carácter de pagas extra , considerando que houbo un erro ao non especificar o número de pagas, e polo tanto resultaría improcedente a percepción de pagas extra .

*Polo tanto, e dado que non se ten constancia de que o alcalde renunciase á percepción das gratificacións extraordinarias no seu posto principal, esta secretaría intervención **INFORMA** que se debe aclarar e rectificar o erro do devandito acordo plenario , aclarando e especificando que o soldo bruto fixado de **1.600 euros brutos ao mes, se devengue en 12 mensualidades**, polo que , aínda de non facer referencia dito acordo ao carácter de paga extra, o alcalde deberá devolver a contía de 668 euros, que percibiu no mes de decembro do 2015 , ou solicitar a compensación na seguinte nómina que perciba, e que se dite inmediatamente acordó ordenando o reintegro da devandita cantidade e a rectificación do acordo plenario nese sentido.*

A revisión de actos e acordos polas corporacións locais está prevista na lexislación sobre procedemento administrativo común , que establece que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento ,de oficio ou a instancia dos interesados, os erros existentes nos seus actos.

En Xermade, a 12 de abril de 2015.A secretaria interventora.- Ana Elena Fernández del Valle

Vista a posibilidade que teñen as administracións públicas de rectificar en calquera momento os erros existentes nos seus actos,

Ao abeiro do previsto no artigo 82. 3 do ROF , que permite a inclusión na orde do día do pleno de asuntos non ditaminados previamente, unha vez apreciada a súa ratificación polo pleno,

PROPOÑO AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE

ACORDO:

Primeiro.- Aclarar e rectificar o erro contido no acordo do Pleno de data 9 de xullo de 2015, no que se establecían unhas retribucións de 1.600 euros brutos ao mes , sen especificar o número de pagas nin o seu carácter, de xeito que ditas retribucións sexan devengadas en 12 mensualidades sen percibir pagas extraordinarias nesta administración, ao abeiro do disposto no informe de secretaría intervención, por unha contía anual de 19.200 euros, de acordo coa seguinte literalidade

ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer unha dedicación parcial de 25 horas/semana, en horario de mañá , cun soldo bruto anual de **19.200 euros**, a partir do 1 de xaneiro de 2016 (soldo bruto mensual de 1.600 euros a percibir en 12 mensualidades), ó Alcalde- Presidente, cunha subida anual, cando estea prevista en orzamentos igual a subida regulamentada anualmente para o persoal nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Durante os meses que quedan para rematar o 2015, o soldo bruto mensual a percibir será de 1.425 euros.

Segundo.- Proceder á devolución dos 668 euros percibidos no mes de decembro de 2015, ou solicitar a compensación do devandito importe na nómina do mes de abril.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Terceiro.- Publicar dito acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Pide a palabra a concelleira do BNG Dona Maria do Mar Hermida Pico e expón que quere presentar unha enmenda á proposta do alcalde sobre o salario, se admite a lectura da mesma polo Sr. Alcalde e procede a lectura da mesma:

“ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO E MARÍA DO MAR HERMIDA PICO en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**, en base á lexislación vixente presentan a seguinte

EMENDA á proposta da alcaldía para a rectificación do salario do señor alcalde.

Exposición de motivos.-

Vista a posibilidade que teñen as administracións públicas de rectificar en calquera momento os erros existentes nos seus actos e como neste asunto estamos falando de rectificar unha resolución tomada en pleno o 9 de xullo de 2015 onde se aprobaba a proposta da alcaldía dunha asignación salarial de 22.600 euros anuais repartidos en 14 pagas, consideramos:

- 1) No preámbulo da lei 53/1984 inténtase definir cal é o obxecto da dita lei e a definir só a un posto de traballo dependente da administración o persoal funcionario, *“esixindo dos servidores públicos un esforzo testemuñal de exemplaridade ante os cidadáns, constituíndo nese sentido un importante avance cara á solidariedade, a moralidade da vida pública e a eficacia da administración”*.
- 2) No artigo 7 da lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas di textualmente: *“1. Será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en:*
 - a) un 30% para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente;
 - b) un 35% para os funcionarios do grupo B ou persoal de nivel equivalente;
 - c) un 40% para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente;
 - d) un 45% para os funcionarios do grupo D ou persoal de nivel equivalente;
 - e) un 50% para os funcionarios do grupo E ou persoal de nivel equivalente.

A superación destes límites, en cómputo anual, require en cada caso acordo expreso do Goberno, órgano competente das CA ou Pleno das corporacións locais en base a razóns de especial interese para o servizo.

- 3) No punto 2º tamén di *“as pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, só poderán percibirse por un dos postos, calquera que sexa a súa natureza”*.
- 4) No artigo 9 tamén di que a aprobación ou denegación da compatibilidade *“require ademais o informe favorable do órgano competente da CA ou Pleno da corporación local, conforme adscrición do segundo posto”*.
- 5) O informe da Xefatura Territorial de 4 de agosto fai referencia a que o posto de traballo do señor García Pernas se rexe polo Decreto 293/1997 de 1 de outubro. No artigo 19 di *“Nos casos de emerxencia e, en xeral, naqueles en que unha situación excepcional o requira, todo o persoal estará obrigado á prestación dos servizos necesarios dentro das funcións que corresponden á escala ata que cesen os motivos de urxencia ou necesidade, nos termos establecidos nos artigos anteriores”*.
- 6) No artigo 29 deste Decreto sinálase que *“A dedicación dos axentes forestais ás*



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

funcións propias da escala non é compatible co exercicio de ningún cargo, profesión ou actividade que impida, dificulte ou comprometa a estrita observancia dos seus deberes”.

- 7) Segundo a Orde de 21 de marzo de 2005 pola que se establece o réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licenzas e permisos e compensacións económicas a percibir polo persoal da escala de axentes forestais da Xunta de Galicia, no artigo 3.4 sinala que os servizos máximos no período ordinario serán de “4 gardas en fins de semana completas cada oito semanas en cómputo anual, e nunca en dúas fins de semana consecutivas” e “5 quendas de tarde-noite cada seis semanas, estas quendas de tarde-noite realizaranse todas dentro da mesma semana”.

Tendo en conta o exposto ata agora consideramos que:

1. Que se aprobou unha compatibilidade á alcaldía coa única información facilitada polo señor Roberto García Pernas.
2. Que as administracións onde preste os seus servizos deberán de comunicarse, reciprocamente, tanto a xornada laboral como o salario e as modificacións que se leven a cabo.
3. O escrito da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas é posterior á data do acordo plenario pois está rexistrada no concello co número 861 e coa data 4 de agosto de 2015.
4. O Pleno aprobou a compatibilidade do señor alcalde sen ter datos suficientes para valorar a súa posible dedicación, salvo uns cuadrantes de quendas que achegou como xustificación, sen coñecermos nin a xornada nin o salario que percibe no seu posto de funcionario.
5. O informe da Xefatura Territorial non incorpora as quendas de traballo, algo imprescindible para poder constatar as modificacións de xornada que obrigatoriamente se teñen que modificar (recollido na acta do Pleno do 9 de xullo de 2015).
6. Na convocatoria de pleno achéganse dous informes coa proposta de redución de pagas extra que non coñecemos ata o 6 de xuño de 2016, practicamente un ano despois do dito acordo plenario.

Por todo isto, presentamos á corporación municipal a seguinte EMENDA á modificación do acordo da acta 9 de xullo de aprobación do salario do alcalde:

- Anular o acordo plenario de 9 de xullo de 2015 en que se aprobou a asignación de 22.600 euros anuais ao señor Roberto García Pernas.
- Que o señor Roberto García Pernas proceda inmediatamente á devolución de todo o cobrado por ser un acordo irregular e non axustado á lei.

“”””

En virtude do artigo 97.5 do RD 2568/1986, de 28 de novembro de Organización, funcionamento e réxime xurídico de entidades locais e presentada por escrito a Enmenda (aínda que non ó presidente como di a norma) antes de iniciarse a deliberación do contido da mesma, se admite polo Presidente da Corporación (Non sendo necesaria a votación de urxencia da



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

mesma ainda que se levara a cabo na sesión plenaria, resultando en todo caso aprobada)

A continuación explica a enmenda á proposta de alcaldía A concelleira Dona Maria Do Mar Hermida Pico e comenta que a enviou ao Concello pero a última hora da mañá(consta no expediente que a enmenda mandouse ao mail dunha funcionaria ás 16:11 horas estando o rexistro e o Concello pechado a esa hora).Explica o contido da mesma relativo aos límites dos salarios no supostos e Compatibilidade como é o caso do Alcalde da Corporación , establecidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, afirmando a continuación que, de acordo con estes límites o salario do mesmo non estaría axustado á Lei.Continúa a súa intervención afirmando que a Consellería non sabía que os cuadrantes de traballo como axente Forestal do Alcalde non eran reais e que este mentiu.

O Sr. Alcalde interrompe a intervención da concelleira para chamar ao orde por primeira vez á Concelleira Do BNG Dona Maria Do Mar Hermida Pico e a advirte que deixe de insultar.

Prosigue a súa exposición a concelleira do BNG dicíndolle ó Alcalde que se modifica o horario do seu traballo na Xunta de Galicia ten que comunicar os cambios ao Pleno e á Consellería según a norma aplicable e que, cando se aprobou o acordo plenario non presentou informe algún da Xefatura territorial tan só uns cadrantes sen firma.

Interrumpe o Sr. Alcalde para dicir que os turnos os cambian moitas veces internamente entre os compañeiros.Entran, a continuación ,Alcalde e concelleira nun debate sobre a necesidade ou non de comunicación dos turnos da cordo có establecido na Lei e a veracidade ou non dos cadrantes que presenta o Sr. Alcalde no Concello.

A continuación toma a palabra o concelleiro do Partido Popular , Don Antonio Riveira Requeijo manifestando que non ía votar a favor da proposta da Alcaldía porque non está de acordo coa cantidade do salario do Alcalde e coas irregularidades que o seu parecer se detectaron a posteriori daquel acordo en sesión plenaria de 9 de xullo de 2015 , sobre todo porque hai que coñecer os horarios, o s cambios dos mesmos e demáis no relativo ao traballo como funcionario da Xunta Do Sr. Alcalde dacordo coa normativa aplicable.Di, ademáis que a enmeda do BNG é drástica e que van a votar a favor.

A continuación se somete a votación á enmenda ao acordo proposto polo Alcalde , resultando aprobada por 6 votos , 2 dos concelleiros do BNG e 4 dos concelleiros do Partido Popular, votando en contra os 4 concelleiros do PSOE.

(.....)

ADVERTENCIA DE ILEGALIDADE POLA SECRETARIA MUNICIPAL.

Antes de levantarse a sesión polo Alcalde da Corporación pide a palabra a secretaria municipal para facer unha advertencia de ilegalidad sobre a enmenda ao acordo de alcaldía aprobada no terceiro punto do orde do día, comentando a normativa aplicable do Real Decreto 2568/1986 de



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

28 de novembro, Regramento de Organización e Funcionamento da administración Local(ROF) e explicando que o acordo mencionado ten aparencia de anulable ou incluso de nulo de pleno dereito por falta absoluta de procedemento (trátase a priori dunha revisión encuberta dun acordo plenario de xullo do 2015) ou incluso por falta de competencia , no obstante se emitirá unha vez estudiado o tema a fondo o informe pertinente se procede.”

- Despois de estudar a executividade do mencionado acordo por esta secretaría , o día 13 de xuño do presente ano se procede a dar de baixa na Seguridade Social Ao Sr. Alcalde e se procede a retirada do salario dende esta data.
- En data 29 de xuño do presente ano O Sr Alcalde Don Roberto Garcia Pernas presenta recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado contencioso-administrativo de Vilalba nº 2 contra o mencionado acordo de 9 de xuño de 2016.
- O día 9 de setembro de 2016 fai entrada no Rexistro deste Concello oficio de requerimento dese Xulgado para audiencia sobre o procedemento mencionado,
- O día 19 de setembro por decreto 298/2016 asinado polo tenente alcalde por abstención do Alcalde debido o seu interese directo na causa como demandante xudicial, encomendase aos Servicios de Asistencia xuridica da Deputación De Lugo gratuitos á defensa e representación no proceso referido da Corporación demandada , debido a urxencia , acordo ratificado posteriormente polo órgano competente, o Pleno en sesión ordinaria de 13 de outubro do presente ano.
- O 14 do mesmo mes ten entrada no Rexistro deste Concello requerimento do Xulgado de copia autenticada do expediente que se remite ao mesmo órgano en data 23.09.2016(rexistro de saída nº 632).

LEXISLACIÓN APLICABLE :

- Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Rexime Local.
- Lei 53/1984 de 26 de decembro de Incompatibilidades dO persoal ao Servizo das Administracións Públicas (LIPSAP)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.
- Lei 5/1997 de 22 de xuño de Administración Local de Galicia (LALG)
- Regulamento De Organización, Funcionamento e Rexime Xuridico Das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro (ROF)
- Calquera outra que resulte de aplicación.

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS.

Esta secretaria se remite en canto as consideracións xurídicas por constar dun importante grao de detalle, ao informe (que adxunto) do Servicio de Asistencia A Municipios da Deputación de Lugo solicitado precisamente por esta Secretaría,en base ao cal esta secretaria conclue o seguinte:

-As retribucións a percibir polo Alcalde non poden superar en ningún caso os limites que fixen as Lei de Orzamentos Xerais do Estado, a este respecto, os importes anuais das retribucións por dedicación parcial, como é o caso, en canto ao seu límite máximo



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

se remiten polo art.75 bis .1 da LBRL ás Leis de Orzamentos Xerais de cada exercicio, así a disposición nonaxésima da Lei 22/2013 de 23 de decembro de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2014 sí que fixa para As Corporacións Locais de menos de 1.000 habitantes este importe sen dicir nada para os de máis de 1.000 habitantes pero o Ministerio de Facenda e Administracións Publicas sostén a interpretación de que se deben aplicar estes porcentaxes, esto é:

Habitantes	importe dedica. Exclusiva	importe dedicación parcial	
1.000 a 5.000	40.000	(75%)	30.000
		(50%)	20.000
		(25%)	10.000

- En canto a retroactividade do acordo que se propón , dicir que a Lei 39/2015 del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas no seu artigo 39 establece o seguinte: Artículo 39. Efectos.

1. Los actos de las Administraciones Públicas sujetos al Derecho Administrativo se presumirán válidos y producirán efectos desde la fecha en que se dicten, salvo que en ellos se disponga otra cosa.

2. La eficacia quedará demorada cuando así lo exija el contenido del acto o esté supeditada a su notificación, publicación o aprobación superior.

3. Excepcionalmente, podrá otorgarse eficacia retroactiva a los actos cuando se dicten en sustitución de actos anulados, así como cuando produzcan efectos favorables al interesado, siempre que los supuestos de hecho necesarios existieran ya en la fecha a que se retrotraiga la eficacia del acto y ésta no lesione derechos o intereses legítimos de otras personas.

O apartado 3 deste artigo mencionado parece que sería aplicable a este suposto que nos ocupa, xa que, este acordo se propón en sustitución do anulado por acordo de 9 de xuño de 2016 que á súa vez anula o de 9 de xullo de 2015 sobre o salario e a dedicación do Alcalde da Corporación e produce efectos favorables para o interesado .

É canto se ten que informar, sometido a outro criterio mellor fundado en dereito.

Ao abeiro do previsto no artigo 82. 3 do ROF , que permite a inclusión na orde do día do pleno de asuntos non ditaminados previamente, unha vez apreciada a súa ratificación polo pleno,

PROPOÑO AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE

ACORDO:

Primeiro.- Recoñecer unha dedicación parcial de 25 horas/semana, en horario de mañá, , cun soldo bruto anual de **11.415 euros**(soldo bruto mensual de 951,25 euros a percibir en 12



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

mensualidades) ó Alcalde- Presidente , a aplicar retroactivamente dende á baixa na Seguridade Social (13 de xuño de 2016) do mesmo que se aplicou en execución do acordo plenario (enmenda) de 9 de xuño do presente ano pola que se anula o acordo de 9 de xullo de 2015 de aprobación da dedicación parcial e salario do alcalde , cunha subida anual, cando estea prevista en orzamentos igual a subida regulamentada anualmente para o persoal nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Segundo.- Publicar dito acordo no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello([www.concelloxermade.sedelectronica.es](http://www.concelloxermade.sedeelectronica.es)).””

Intervén a continuación o Sr Alcalde para comentar a proposta e entre outras cuestións a consulta feita á Seguridade Social ,sobre a recuperación do que deixou de cotizar estes meses dende xuño de 2016 e a resposta foi que se faría un recargo do 20% do importe pero si se podería aplicar retroactivamente, que esta proposta se trae a pleno polo acordo co Partido popular de baixarse o salario a cambio da negociación dos orzamentos polo ben do Concello e para evitar paralización do mesmo.

Toma a Palabra a concelleira do Partido Popular Dona Isabel Campello Ares para facer un proposta en primeiro lugar ao Alcalde, que si estaría disposto a que este acordo proposto se aplicara retroactivamente a xullo de 2015.

O Sr. Alcalde contesta que non, que solo dende que se lle privou de salario, antes non porque se aprobou con todas as garantías naquel momento.

Contesta a concelleira que naquel momento non existían informes que se dispoñen neste momento e que se fundamentaron para absterse nuns informes favorables que apoiaban tal proposta, e non dispoñen de ningún na actualidade que dispoña que a lei de incompatibilidades de persoal ao servizo das Administración Públicas non sexa de aplicación porque fosen suprimida por outra Lei, polo tanto estarían aprobando algo que sería ilegal dende o 9 de xullo do 2015, en todo caso, continúa, que se compensaría co que deixou de percibir agora pero o correcto sería aplicalo dende o inicio aínda que está claro que tería que cobrar un salario polo servizo que presta.

Intervén de novo o Sr Alcalde para comentar que son legais ambas opcións e lle da a palabra a Sra Secretaria para que se explique.

A Señora secretaria intervén para explicar que existe neste ámbito un conflito de normas e pode decidir cada administración cal aplicar.

Contesta a concelleira do Partido Popular que se dous normas teñen mesmo rango legal se deben aplicar ambas.

Explica a secretaria finalmente que para ela e a maioría dos xuristas consultados prima a Lei de Orzamentos sobre a Lei de Incompatibilidade porque os limites son maiores e non se debe perxudicar ao interesado e que, ambas dispoñen de limites diferentes, polo tanto non se poden aplicar ao mesmo tempo.

(Intervén a Concelleira do BNG para “ facer unha chamada de atención “ sobre o que están a falar a secretaria municipal e a concelleira do Partido Popular, afirmando que non é competencia da secretaria municipal falar estas cuestións.)

A concelleira Do partido popular volve a dicir que no informe da asesoría xurídica da Deputación se fai referencia a Lei de Incompatibilidades de persoal ao servizo das



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Administración Públicas e non dispón que non sexa de aplicación en ningún punto do mesmo. Finaliza comentando que se non se fai esa modificación da proposta seguirán votando en contra xa que entenden que o acordo sería ilegal, según os informes de que dispoñen neste intre. Entenden que o Alcalde debe cobrar un salario e están dispostos a negocialo pero sempre que se aplique dentro dos límites mencionados e retroactivamente dende xullo de 2015.

A Continuación dispón da quenda de palabra a Concelleira do BNG, Dona María do Mar que comenta que non sabe de onde sale o importe proposto pero si que a dedicación sería de 25 horas semanais aínda que non a hora de comezo da súa xornada que considera esencial, tamén que se fixera un horario ao público. En xullo de 2015 aprobouse o anterior salario que dipoñía que era un horario aproximado pero nunca o publicou, tamén se recoñecía unha modificación do seu horario para poder desenrrolar o seu traballo. Pero non explicou tampouco como vai facer cando a súa consellería o reclame para facer o seu traballo (art 19 de Decreto 293/1997 de 1 de outubro, procede a lectura do mesmo) e pregunta que acontecerá se isto sucede e ten que ausentarse das funcións de Alcaldía unha semana por causas de emerxencias. Tampouco, segue comentando, que non coñece os horarios do seu traballo e pregunta porqué a lexislación se vai rexer. Remata dicindo que é unha proposta que é inconexa e que principalmente consta dun informe que se remite a un do Servizo Xurídico da Deputación.

Contesta o Sr. Alcalde primeiro que xa non son axentes forestais, son axentes medioambientais e xa non se rixen pola normativa mencionada, que os horarios na súa consellería son flexibles e que se fan permutas, ademais se poden facer horarios de tarde ou de noite, que o solicitou á Consellería. En canto ao horario se pon de mañá na proposta (tódalas mañás) pero ás veces hai actos polas tardes, e pola noite e sempre está dispoñible. Se puxo horario de mañá para que non se solapen os horarios no Concello cos da Consellería. Con respecto ao que dicía a concelleira de retirar a demanda xudicial, en principio non podería facelo salvo que se chegara a un entendemento aínda que considera que posiblemente lle darían a razón. Considera, tamén que isto pode supoñer un atranco para a vida do Concello, sobre todo para a aprobación do Orzamento Municipal.

Pregunta a portavoz do BNG que si a proposta se fixo de acordo coa Lei de incompatibilidade de persoal ao servizo das Administracións Públicas e contesta o Alcalde que si (lle asesora a Secretaria Municipal).

Intervén en segunda quenda a Concelleira do PP de novo para volver a comentar que o seu grupo está dispostos a negociar con o Alcalde, que este cree que ten que ter un salario e un horario porque presta un servizo e sempre que os efectos do posible acordo teñen efectos retroactivos a 9 de xullo de 2015 eles estarían de acordo coa proposta sempre dentro dos límites da Lei de Incompatibilidades mencionada e que por suposto esta é unha cuestión xurídica pero queren manifestar o interese do grupo de chegar a un acordo.

A continuación cédese a palabra a portavoz do BNG para facer uso da segunda quenda e esta comenta que o seu grupo nunca se opuxo a que se cobrara por exercer política pero o que non queren é que se faga negocio coa mesma e cos cartos públicos. Continúa comentando que como funcionario o Alcalde tería varias opcións: pedir excedencia, reducir un 20% a xornada do seu traballo... e non só non toma ningunha de estas senón que opta pola máis custosa para a veciñanza e o máis beneficioso para él e iso é aproveitarse da situación. A Lei 53/1984 de incompatibilidades mencionada no seu artigo 7 dispón que os funcionarios da súa categoría só poden cobrar o 40% do seu salario principal en réxime de dedicación ordinaria, entendendo a que fala que non entran complementos nin pluses neste concepto, calquera que non estivera regulado no Boletín oficial do Estado nos orzamentos do Estado, para iso tamén terían que



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

coñecer os horarios do seu traballo e os da Alcaldía mais precisamente xa que éstos deberían ser públicos, só saben que son 25 horas á semana, ademáis se recoñece nesta proposta que estaba cobrando indebidamente e máis do que lle pertencía, non debería ter problemas para devolver o cobrado de máis pero para pagar o recargo do 20% á Seguridade Social ou os atrasos non hai mala conciencia .

O Alcalde reitera a explicación dos horarios de tódalas mañás no Concello e que a proposta non quere dicir que recoñeza nada de cobrado ilegalmente nin moito menos.

(O alcalde se ausenta para a votación)

Toma a palabra o Tenente Alcalde para someter a votación acordo proposto polo Alcalde , resultando NON APROBADA por 6 votos en contra(BNG E PP) e 4 a favor(PSOE).

4.-MOCIÓNS

Non hai mocións.

5.-ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

O Grupo Municipal Do BNG formula os seguintes:

1.ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

ROGO

Exposición de motivos:

O único cemiterio municipal do concello presenta un severo deterioro e varios desperfectos nas portas e arredores.

Como sabemos, é un lugar moi visitado por numerosas persoas ao longo do ano, algunhas delas vidas de lonxe e moito máis nestas datas que se achegan, o día de defuntos.

Polo exposto, o noso grupo formúlalle o seguinte **rogo**:

- **Que de inmediato se arranxe o cemiterio municipal en todos os aspectos (pintura, desperfectos...)**



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

- **Que se coloque un baño, ou ben fixo ou ben móbil, dada a distancia que hai a lugares públicos onde se pode dispoñer deste servizo.**

En Xermade, a 16 de outubro de 2016

O Alcalde di que se dan por enterados.

2. ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

ROGO

Exposición de motivos:

Moitas das arquetas de rexistros colocadas nas beirarrúas presentan desperfectos, algunhas delas dende hai moito tempo. Estes desperfectos non se solucionan, non sabemos se por falta de interese ou por falta de coñecemento.

Polo exposto, o noso grupo formúlalle o seguinte **rogo**:

- **Que o concello arranxe os ditos desperfectos coa maior brevidade posible.**

O Alcalde di que se dan por enterado.

3. ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

ROGO

Exposición de motivos:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Varias persoas do concello fixéronnos chegar as súas queixas tanto porque os colectores do lixo quedan mal colocados como polos numerosos desperfectos que presentan (falta de tapas, roturas...).

Polo exposto, o noso grupo formúlalle o seguinte rogo:

- **Que se esixa á empresa responsable a solución destes problemas coa maior brevidade posible e tamén que sexan máis coidadosos á hora de recolocar os colectores.**

En Xermade, a 16 de outubro de 2016

O Alcalde di que se dan por enterados e pregunta en que lugar foron os desperfectos, contestando a voceira do BNG que foron en Roupar de Arriba pero que o fixeron extensible a varias pola diversas protestas..

4. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlalle a Vde., para que sexa atendidas no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, os seguintes

ROGOS

Exposición de motivos:

As marxes do río Trimaz nos arredores da ponte de Cabreiros, antiga C-641, presentan un estado de abandono lamentable. Debido ao pésimo estado de conservación estase utilizando como un vertedoiro incontrolado e como lugar de acumulación e movemento de madeira. Como consecuencia deste abandono a vexetación campa libremente, a ponte non se ve... Isto leva a que un lugar maravilloso para utilizalo como lugar de lecer pola veciñanza se converta en algo inútil, feo e sucio.

En xuño de 2004 este grupo político xa presentara un rogo á alcaldía para que se puxera en valor o dito espazo e ao mesmo tempo se fixeran indagacións para coñecer o paradoiro das canterías que formaban os petris. En xullo de 2011 volvemos facer unha serie de preguntas sobre o estado da ponte e dos seus arredores. As actuacións feitas ata o momento son nulas o que amosa a desidia duns e doutros por poñer en valor este espazo, dá igual a cor política que governe.

Polo exposto, este GRUPO POLÍTICO preséntalle a Vde. os seguintes rogos:

- **Que a Alcaldía faga as xestións oportunas para poñer en valor este espazo.**
- **Que se fagan as xestións oportunas para devolver a ponte ao seu**



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

estado natural.

- **Que fagan as indagacións necesarias para coñecer o paradiro dos petrís usurpados á ponte.**
- **Esixir á Consellaría titular da vía o acondicionamento do dito espazo.**

Xermade, 15 de outubro de 2016

O Alcalde comenta que falou có Xefe de carreteras e dixo que si que iban a limpar .

5. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, o seguinte

ROGO

Exposición de motivos:

Neste verán acometeuse o arranxo de varias pistas municipais solicitadas unha e outra vez polo grupo municipal do BNG nos distintos plenos. Cabe destacar que os ditos arranxos, na maioría dos casos, son o que facía a anterior corporación só tapar os buratos máis grandes e ao pouco tempo volven estar nas mesmas condicións. Non se limpan as cunetas (esencial para o bo mantemento das pistas) e tampouco se reparan aquelas zonas onde se prevé que se van volver deteriorar nun breve espazo de tempo.

Polo exposto, formulamos o seguinte rogo:

- **Que se arranxe a pista da Azureira no lugar de Roupar de Abaixo e a pista de Portalousa-Xemaré en Xermade.**
- **Que se volva arranxar a pista das Cavadas á Lagoa.**

O Alcalde dáse por enterado.

6. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, o seguinte

ROGO

Exposición de motivos:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Os puntos de recollida de plásticos agrícolas atópanse novamente saturados, en especial o de Piñeiro onde os plásticos e outro lixo que a xente deposita nel sobrepasan a barreira que delimita a zona.

Polo exposto, formulamos o seguinte rogo:

- **Que o concello de Xermade retire de inmediato os plásticos e o outro lixo que se atopa na zona.**
- **Que o concello facilite información á veciñanza para que poida facer un uso correcto dos puntos de recollida de plásticos agrícolas e non teña que depositar voluminosos ou outros enseres nestes lugares non apropiados.**

En Xermade, a 5 de decembro de 2016

O Alcalde dáse por enterado.

7. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, o seguinte

ROGO

Exposición de motivos:

A día de hoxe as silvas que medraron no pasado verán aínda ocupan boa parte das beirarrúas do noso concello. Chama especialmente á atención en Cabreiros onde en sitios case desaparece a beirarrúa ao quedar totalmente cuberta polas silvas.

Polo exposto, formulamos o seguinte **ROGO**:

- **Que o concello de Xermade acometa de inmediato o desbroce destas zonas para que a veciñanza poida gozar das beirarrúas.**

O Alcalde dáse por enterado.

8. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, o seguinte



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

ROGO

Exposición de motivos:

Ano e medio despois de comezar a lexislatura e un ano e dous meses despois do compromiso adquirido polo grupo de goberno de gravar os plenos, só se gravou o anterior pleno e non se fixo público ser transparentes coa veciñanza e transmitirle os temas que se tratan nos plenos.

Polo exposto, formulamos o seguinte **ROGO**:

- **Que se comecen a gravar os plenos no vindeiro ano 2017 posto que se trata dun compromiso adquirido en pleno e non é complicado nin custoso facelo.**
- **Que, con cargo aos orzamentos de 2017, o concello inclúa a compra dunha videocámara que permita levar a cabo a gravación dos plenos e que ademais podería ser empregada en moitos eventos que se levan a cabo ao longo do ano e merecen quedar no recordo.**

En Xermade, a 5 de decembro de 2016

O Alcalde se da por enterado..

9. O concelleiro Do BNG, Don Oscar González Pardo fai un rogo oral: Con respecto a unha folliña que se mandou ás casas a semana pasada con respecto as distancias das plantacións, porque foi un copia-pegar e un veciño de 60 anos non o entende e se puido aproveitar o papel e gastos feitos para informar de modo máis claro e se puido aproveitar para informar sobre os voluminosos e os plásticos dos gandeiros que se ven solicitando dende hai máis dunha lexislatura.

Contesta o Alcalde que se informou de ambas cousas en numerosas ocasións e que os familiares da xente máis vella pode explicarlles o contido da información.

PREGUNTAS:

BNG:

O Alcalde intervén para comentar que xa se fixeran as preguntas polo BNG oralmente no anterior Pleno e pregunta á portavoz porque non has remitiu por escrito como lle foi solicitado. Ela contesta que se lle estropeu o ordenador, que estaba con exámes e que remitiu a gravación de audio.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

1. ¿Quen é o responsable das brigadas do Concello?
O Alcalde contesta que será o Xefe da Cuadrilla e o Alcalde ou un concelleiro delegado nalgunha ocasión.
2. ¿Que traballos se están a realizar ?
O Alcalde contesta que se están a facer desbroces.
3. ¿Quen conduce o tractor municipal?
O Alcalde contesta que un operario con permiso B como mínimo.

4. ¿ Ordenou facer traballos de limpeza no Colexio?
O Alcalde contesta que si, eliminar os matorrais e a vexetación.
5. ¿Como foi o proceso de concesión da casa niño?
Contrato de arrendamento de un ben propiedade do Concello.
6. ¿Porque non fixo publicidade no facebook por exemplo como noutras ocasións?
Porque foi unha concesión directa.
7. ¿Tivo acceso as ofertas presentadas?
O Alcalde contesta que só se presentou unha, a da adxudicataria.
8. ¿tiña a veciñanza coñecemento da posibilidade de alugar a vivenda?
O Alcalde contesta que non porque non estaba en condicións de habitabilidade e foi polo interés xeral, para dar un servizo.
9. ¿ non cree que á veciñanza se soupera do alugueiro lle interesaría para quedar a vivir no Concello?
Ninguén preguntou por esta vivenda ata o momento.

10. ¿os planos desta vivenda están a disposición dos veciños publicamente?
Si, se o solicitan.
11. ¿está empadroada a adxudicataria no Concello, desde cando?
Si, dende que se iniciaron os trámites para alugar a vivenda.(Pregúntalle a Concelleira se sabe a data exacta e contesta que non a sabe neste momento.)
12. ¿está feito o contrato de arrendamento?
Si, dende o 7 de outubro.
13. ¿quen decidiu arrendar esta vivenda?
O Alcalde porque é o competente.
14. ¿ o prezo de aluguer?
O Alcalde comenta que son 134 euros ao mes durante 3 anos , de acordo co informe do arquitecto municipal.
15. ¿ as obras quen as está a realizar?
O alcalde comenta que unha empresa por conta da adxudicataria.
16. ¿ ten licenza de obras a día de hoxe?
Comunicación previa que é que procedía.
17. ¿quen está a facer estas obras?
Unha empresa por conta da adxudicataria.
18. ¿ Cando ten pensado rematar a limpeza das vías municipais?
Antes de rematar o ano.
19. ¿ cando se ten pensado rematar as obras de limpeza previstas no Orzamento Municipal deste ano?
Si, na primavera.
20. ¿Estanse a comunicar as cortas de madeira ao Concello?
Contesta o Alcalde que algunha si que se están a comunicar.
21. ¿ Cando se van a pintar as prazas para discapacitados?
O Alcalde contesta que pronto que están pendentes das autorizacións.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

22. ¿poñer o vehículo municipal a disposición da veciñanza como se vai facer por bando ou por decreto?

O Alcalde dí que houbo un malentendido, que no se usa polos veciños.

Intervén o Alcalde para comentar que se presentaron moitas preguntas, e que as de despois da convocatoria non as pode contestar porque non estaban os técnicos e non tivo tempo suficiente para preparalas.

A portavoz do BNG intervén para dicir que a lexislación di que as preguntas presentadas con 24 horas de antelación por escrito se teñen que contestar na sesión salvo motivación en contra.

O Alcalde alega a súa motivación : neses días dende a convocatoria non estaban os funcionarios competentes traballando e non puido asesorarse e preparalas.

O Concelleiro Don Oscar González Pardo lee as preguntas presentadas por escrito despois da Convocatoria do Pleno aínda que se vaian a contestar na seguinte sesión:

1. ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO, en calidade de Concelleiros do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS

Exposición de motivos:

A piques de rematar esta anualidade na que o concello de Xermade comezou a realizar os desbroces das pistas municipais con medios propios, cun tractor e desbrozadora de brazo mercados con diñeiro dos orzamentos do 2016 a isto hai que engadir a contratación dunha empresa externa para levar a cabo parte dos desbroces. Lembramos que se desbrozaron pistas que non son municipais e non había ningún convenio establecido.

Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes **preguntas**:

- **Que balance fai o grupo de goberno do investimento do tractor e da desbrozadora?**
- **Cales foron os gastos de combustible, mantemento e reparación de avarías?**
- **A canto ascendeu o contrato da empresa externa?**
- **Que pistas se desbrozaron con cargo ao contrato coa empresa externa?**
- **Cantos quilómetros supoñen as ditas pistas?**
- **A día de hoxe, cantos quilómetros de pistas se desbrozaron con medios propios? Cantos quedan por desbrozar?**



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

2. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO** e **MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS

Exposición de motivos:

No pasado verán modificouse a ordenanza de vehículos de tracción mecánica no concello de Xermade. Unha das modificacións que contempla respecto á ordenanza anterior é a exención de pago de vehículos de máis de 25 anos catalogados como Históricos. Non obstante, puidemos ver un bando do concello onde non quedaba moi claro se os vehículos tiñan que ter a catalogación de Históricos ou simplemente unha antigüidade igual ou superior aos 25 anos. Tamén temos constancia de varias solicitudes de vehículos que non cumprían a condición de Históricos e que solicitan a exención.

Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes **preguntas**:

- **Cal é a situación real?**
- **Que vehículos quedan exentos do pago do imposto?**

3. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO** e **MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS

Exposición de motivos:

Medio ano despois do Segundo Premio Xermade na Historia e a seis meses da terceira edición, o grupo municipal do BNG non sabe nada da posibilidade de facer edicións escritas das dúas primeiras edicións do Premio tal e como solicitamos neste pleno.

Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes **preguntas**:

- **Cal é a situación a día de hoxe?**



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

- **Fíxose algunha xestión para levar a cabo a edición e divulgación dos traballos presentados nos premios tal e como os organizadores e o noso grupo municipal solicitamos?**

4. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendido no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS

Exposición de motivos:

No anterior pleno ordinario celebrado por esta corporación aprobouse, por unanimidade, unha moción presentada por este grupo político para que o arranxo da estrada Momán-As Pontes fose incluído nos orzamentos da Deputación, xa que como premusen de que son parcipativos, non hai mellor representación da veciñanza de Xermade que o pleno, e máis se se decide por unaminidade. A día de hoxe non temos constancia de que se tramitise á Deputación o dito acordo, tal e como se recollía na moción.

Polo exposto, o noso grupo formúlalle as seguintes **preguntas**:

- **Cal é o motivo polo que non se transmitiu á Deputación o acordo tal e como se recolle na moción?**
- **Cal é o motivo polo que se están a incumprir sistematicamente os acordos plenarios?**

Contesta O Alcalde que se lle deron á funcionaria para remitilas, que o comprobarán.

5. **ÓSCAR GONZÁLEZ PARDO e MARÍA DO MAR HERMIDA PICO**, en calidade de Concelleiros do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** formúlanlle a Vde., para que sexa atendidas no vindeiro Pleno da Corporación Municipal, as seguintes

PREGUNTAS

Exposición de motivos:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Vén de ter lugar a XVIII festa dos cogomelos de Roupar despois de varios anos sen levarse a cabo, organizada segundo figuraba no cartaz anunciador pola AVV. do Campo e polo Concello de Xermade e coa colaboración da Deputación de Lugo.

Polo exposto, este GRUPO POLÍTICO preséntalle a Vde. as seguintes **preguntas**:

- **Que orzamento tivo a 18ª edición da festa dos cogomelos de Roupar?**
- **Cantos tickets se venderon?**
- **Cantas persoas foron invitadas á degustación gastronómica?**
- **Que achega económica fixo o Concello?**
- **En que consistiu a colaboración da Deputación?**
- **Contou coa colaboración dalgunha entidade privada? Con cal? Con que colaborou?**

O Alcalde contesta que están pendentes de reunirse co asociación de veciños de Roupar par ver os gastos e están pendentes dunha factura. En canto a aportación privada A Banca aportou 150 euros pero comenta que contestará no seguinte pleno.

Continúa a Portavoz do BNG para facer varias preguntas orais, que comenta que non remitirá por escrito(o Alcalde contesta que as contestará na seguinte sesión):

- **Sobre o Facebook:** Quen leva o Facebook? Porque a información que se colga nel non se colga tamén na páxina web? Que criterios se seguen para seleccionar a información que alí se colga? Segue comentando que xa que é un medio de publicación oficial deberíase seguir o mesmo criterio que para a web.
- **Sobre o Pos 2016.** Cal é o motivo da construción doutro depósito de traída de augas de Burgás e da súa inclusión no Pos 2016?? Cal é o criterio de selección para as obras da adxudicación do Pos?? Nos orzamentos do ano pasado comenta que comunicaron ao Alcalde un Plan de necesidades e unha serie de obras en pistas e vías que inclúen os orzamentos e non están todas asfaltadas.

Contesta o Alcalde que non é de traída de augas é para incendios.

- Continúa o concelleiro do BNG para falar dos cans que hai nas inmediacións da nave do multiusos, que fixeron un chamamento no facebook ao grupo de goberno para poñer unha solución porque non saben nada do convenio prometido coa protectora(se lle pagaran 300 euros fai uns meses) nin dos permisos pendentes. Consideran ademáis que os cans poden estar un tempo alí en cuarentena pero xa van máis de 6 meses.

Contesta o Alcalde que se ten previsto facer un Convenio coa perrera pero no teñen os permisos en regra e que os animais están en bon estado e saen a pasear e alimentados , que non están mal.

PARTIDO POPULAR

1. Don Antonio Riveira Requeijo, voceiro do grupo municipal do Partido Popular de Xermade, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte pregunta para



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

que sexa respostada no vindeiro pleno do Concello de Xermade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión ordinaria do mes de abril de 2.016 o pleno do Concello de Xermade aprobou, por unanimidade, unha moción presentada polo grupo do Partido Popular de Xermade, para acordar a aprobación da redacción dunha ordenanza municipal que recolla a bonificación na cuota íntegra do imposto de bens inmobles para as edificacións de uso agrogandeiro e do sector primario en solo rústico, ó igual que a existente, que recolle bonificación para o solo de núcleo rural e as edificacións, aprobada ésta co anterior goberno do Partido Popular. Desafortunadamente todas as edificacións de uso agrogandeiro e do sector primario terían o mesmo trato e beneficios fiscais. En caso contrario unha edificación agrícola en solo rústico pagará cinco veces máis que unha situada en núcleo rural, dado que as edificacións en solo rústico foron regularizadas este ano.

PREGUNTA

¿Tén algunha xustificación para non facer a ordenanza que aprobou o Pleno do Concello de Xermade e poder aplicala no ano 2.017 ?

O Alcalde contesta que non ten información al respecto, pregunta despois ao concelleiro de urbanismo se ten algún comentario e este responde que non.

2- Don Antonio Riveira Requeijo, voceiro do **grupo municipal do Partido Popular de Xermade**, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte pregunta para que sexa respostada no vindeiro pleno do Concello de Xermade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2.016 o Concello de Xermade adquiriu un tractor con desbrozadora lateral para ter todos os viais municipais limpos de vexetación. Dados os resultados desta primeira etapa de compra de maquinaria, desde o grupo municipal do Partido Popular de Xermade formulámoslle as seguintes

PREGUNTAS

Tén previsto acometer a promesa electoral de mercar un equipo de rego asfáltico para o Concello de Xermade?

Vai propoñer esa actuación nos orzamentos de 2.017?

O Alcalde responde que de momento non estaba pensado facelo porque teñen outras prioridades, non todo se pode cumprir, cando sexa viable a intención é mercalo, cando sexa rentable.

3- Don Antonio Riveira Requeijo, voceiro do **grupo municipal do Partido Popular de Xermade**, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte pregunta para que sexa respostada no vindeiro pleno do Concello de Xermade



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tendo cumprido dúas tempadas nos que o Concello de Xermade realiza os desbroces directamente, sen contratar empresas externas, e dados o nivel de execución e a situación en que se atopan agora mesmo, dende o Grupo Popular do Concello de Xermade queremos plantéxarlle as seguintes

PREGUNTAS

¿Vai cumprir o que indicou en pleno anterior que a finais de ano estarían todas as pistas desbrozadas? ¿Sabe que hai pistas de acceso a vivendas sen limpeza desde fai dous anos?

¿Pode decirnos os gastos acumulados imputables á limpeza de viais no presente ano?

Contratou, nos últimos meses do ano, empresas para a realización de desbroces ¿Tén algunha xustificación do procedemento?.

¿Pode decirnos o importe das axudas para desbroces da Xunta de Galicia perdidas nestes dous anos por non cumprir as condicións da concesión de axudas?.

O Alcalde responde que conta que a finais de ano estean todas limpas, falan despois dunhas pistas en Miraz que non están limpas pero comentan que hai máis.

Con respecto aos gastos comenta que terá que miralo con a persoa que leva a contabilidade. Continua comentando que non se percibiu parte da subvención porque se fixeron os traballos con fondos propios, que non se perdeu nada.

4- Don Antonio Riveira Requeijo, voceiro do **grupo municipal do Partido Popular de Xermade**, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte pregunta para que sexa respostada no vindeiro pleno do Concello de Xermade,

En días pasados adxudicouse a obra de “Dotación de mobiliario infantil en Momán”, incluída dentro do POS 2016, por un importe de 6.000 euros e un presuposto de execución material de algo máis de 4.000 euros, a realizar na parcela municipal do Campo Feira en Momán,

PREGUNTA

Aprobou vostede o proxecto?

Considera que é suficiente presuposto para acometer a obra de un parque infantil para a xuventude de Momán e visitantes?

Están contempladas no proxecto medidas e distancias de seguridade que establece a lexislación vixente?

Vaise cerrar?

Van a quedar as zapatas de formigón á vista é o resto da superficie en terra?

O Alcalde comenta que se adxudicou para mellorar un parque que estaba en mal estado, e que o adxudicatario terá que axustarse ás unidades do proxecto e o que este se axusta á normativa en canto a seguridade. En canto ao peche haberá que mirar en canto se acabe de de facelo se é necesario. En canto as zapatas de formigón, se quedan ao final á vista se terán que axustar á normativa e cubrilas con material que non sexa perigoso para os nenos.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

O Concelleiro do PP comenta que el ve o proxecto e que ve imposible que con o presuposto establecido no mesmo se leve a cabo un parque en condicións e que espera que non se produza accidente algún..

O Alcalde contesta que só se trata de un reforzo dun existente e se terá que axustar á normativa vixente o adxudicatario e o Concello vixiar a execución do mesmo.

5- Don Antonio Riveira Requeijo, voceiro do **grupo municipal do Partido Popular de Xermade**, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte pregunta para que sexa respostada no vindeiro pleno do Concello de Xermade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 28 de outubro de 2.016 fíxose a festa dos Cogumelos no Campo - Roupar, na que o Concello participou na organización,

PREGUNTAS

Pode decirnos o coste de cada actividade celebrada ese día no Campo?

Con canto colaborou o Concello de Xermade?

¿Con canto colaborou a Deputación Provincial de Lugo?

O Alcalde contesta que a Deputación vai aportar 3.000 euros por un lado e vai subvencionar o Grupo que tocou por outro lado, que o resto o explicará máis detalladamente no Pleno seguinte.

6- Don Antonio Riveira Requeijo, voceiro do **grupo municipal do Partido Popular de Xermade**, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte pregunta para que sexa respostada no vindeiro pleno do Concello de Xermade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de animais abandonados resulta cada vez máis grave e preocupante no Concello de Xermade. No pleno do mes de febreiro de 2.016 o grupo do Partido Popular de Xermade plantexoulle un rogo para aclarar a súa actuación referente á recollida de animais abandonados dentro do término municipal de Xermade. Dende aquela a situación lonxe de mellorar empeorou. Nestes días incluso nas redes sociais fanse denuncias por mor dos cans que ten en situación lamentable en dependencias municipais, concretamente nun pequeno recinto do parque empresarial.

PREGUNTA

Tén previsto algún día dar resposta á situación?

¿Segue empeñado en non facer convenio con ningunha canceira, incluso tendo unha no término municipal de Xermade?

¿Non lle parece lamentable o estado en que se manteñen os animais nas dependencias municipais?

Coñece a obriga por parte do concello de facerse cargo deses animais?



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

O Alcalde comenta que xa se explicou coa mesma pregunta anteriormente pero que se chamara a varias protectoras que non tiñan sitio e que están en boa situación , coidados e alimentados, que non é unha situación ideal pero que non é un maltrato animal nin moito menos.

7- Don Antonio Riveira Requeijo, voceiro do **grupo municipal do Partido Popular de Xermade**, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte pregunta para que sexa respostada no vindeiro pleno do Concello de Xermade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En días pasados tiveron lugar probas para a contratación de persoal como peóns e conductores no Concello de Xermade con cargo á subvención que a Deputación Provincial de Lugo realiza ós concellos da provincia. Por outra banda, o fondo de compensación ambiental aportado pola Xunta de Galicia tamén se pode destinar a contratación de persoal para os traballos de mantemento e cuidado de espazos municipais.

PREGUNTA

En qué situación se atopa a contratación de persoal para os traballos dos operarios no Concello de Xermade ?

Ten previsto á que fins se van a destinar no tempo en que estén contratados?

Do fondo de compensación ambiental tamén se destina partida para a contratación de persoal?

O Alcalde resposta que os que seleccionaron son da Deputación , un conductor e 3 peóns que un aínda non empezou porque están en prazo e que se van a dedicar a mantemento de espazos públicos. Con respecto ao Fondo de Compensación Ambiental , xa remataron , estaban dous peóns contratados no 2016.

8- Don Antonio Riveira Requeijo, voceiro do **grupo municipal do Partido Popular de Xermade**, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte pregunta para que sexa respostada no vindeiro pleno do Concello de Xermade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos decretos da alcaldía 334, 338, 352, 372 e 390, do presente ano 2.016, o alcalde de Xermade levanta reparo de intervención a determinadas facturas para proceder ó seu pago

PREGUNTA

Tén previsto corrixir a situación para evitar o reparo suspensivo ?

O Alcalde contesta que si que ten previsto corrixir a situación sacando os servizos a concurso en canto se poida, que os presentes xa venceron.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

A Continuación a concelleira do PP Dona Isabel Campello Ares formula varias preguntas orais (que se compromete a presentar por escrito para a seguinte sesión):

- Sobre as obras incluídas no POS e no PDR previstas no orzamento municipal de 2016 informouse neste Pleno no decreto 402 de adxudicación definitiva do POS, porque non se incluíu a pista municipal de Castiñeira na parroquia de Cazás, ten pensado incluíla no orzamento deste ano?

O Alcalde contesta que as incluídas estaban en peor estado.

- En Xullo de 2016 , a asociación de de veciños de Cazás solicitou por rexistro a información sobre a titularidade das escolas unitarias da parroquia que aínda constan a nome do Concello, cando pensa dar resposta?

O Alcalde contesta que o arquitecto está a mirar o tema, que espera que pronto se solucione.

O concelleiro do BNG pide a palabra para preguntar de novo polos cans abandonados, se pensaron dalos en adopción algunha vez.

O Alcalde contesta que xa falou suficiente do tema.

O Alcalde felicita as festas á Corporación e desexa que non haxa crispación para o ano que vén nos Plenos.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as vinte unha e trinta minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do Alcalde e da Secretaria que da fe.

V.e Pr.
O Alcalde

A Secretaria Interventora

Asdo.- Roberto García Pernas.

Asdo.:Paula Campos Rodriguez